

do réxime público da Seguridade Social, deberá realizar un depósito de 25 euros para recorrer na conta do Banesto 1552, debendo indicar no campo concepto, a indicación recurso seguida do «código 31 Social-Revisión». Se o ingreso se fai mediante transferencia bancaria, deberá incluír tras a conta referida, separados por un espazo coa indicación «recurso» seguida do «código 31 Social-Revisión». Se efectuas diversos pagamentos na mesma conta, deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso se obedecen a outros recursos da mesma ou distinta clase, indicando no campo de observacións a data da resolución recorrida utilizando o formato dd/mm/aaa. Quedan exentos do seu aboamento en todo caso, o Ministerio Fiscal, o Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e os organismos autónomos dependentes deles.

A secretaria xudicial»

Concorda ben e fielmente co seu orixinal ao cal me remito, e para que produza os efectos oportunos, expido este decreto que asino na Coruña, o vinte e dous de xullo de dous mil dez. Dou fe.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 7 de setembro de 2010 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia, dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais.

Unha vez convocado o proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, pola Orde da Consellería de Facenda do 25 de xuño de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 126, do 30 de xuño, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de

Galicia dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais, coa composición que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2010.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

-Tribunal titular.

Presidencia: José Luis Chan Rodríguez.

Secretaría: Genma Otero Uhía.

Vogais:

Jacobo José Aboal Viñas.

Miguel Ángel Cela González.

Javier Turrillo Montiel.

-Tribunal suplente.

Presidencia: Marta Forés Lojo.

Secretaría: Javier Márquez Alonso.

Vogais:

Belén Bris Marino.

Manuel Francisco Gutiérrez.

M^a Carmen Juliani Aguado.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 7 de setembro de 2010 pola que se nomean funcionarios en prácticas os opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril), que tiveron aprazamento da fase de prácticas, e os opositores que superaron os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional convocados pola Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de abril) que ocupen vacante dotada orzamentariamente.*

Mediante a Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril) e a Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de abril) convocáanse procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos mencionados corpos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O punto 1 da base común 14 das citadas ordes establecen que as prácticas terán por obxecto comprobar as capacidades didácticas necesarias para o exercicio da docencia dos aspirantes que aprobaron o concurso-oposición, que se realizarán nos destinos provisionais que lles correspondan co desempeño da función docente e con plena validez académica.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionario en prácticas do corpo de profesores de música e artes escénicas a Iago Lariño Rodal, DNI 78733572-H, especialidade frauta travesa, opositor que superou o procedemento selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril), relacionado na Orde do 29 de xullo de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 22 de agosto), que tivo aprazamento da fase de prácticas.

Segundo.-Nomear funcionarios en prácticas dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e profesores de música e artes escénicas os opositores que se relacionan nos anexos II, III, IV e V da Orde do 31 de xullo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 23 de agosto) coa excepción dos funcionarios de carreira que non se incorporen a un novo destino do corpo no cal superaron o procedemento selectivo.

Terceiro.

1. O nomeamento como funcionario en prácticas para os opositores que non estean a prestar servizos como persoal interino docente producirá efectos económicos e administrativos do 17 de setembro de 2010.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, no caso dos profesores interinos que teñen nomeamento durante o curso académico 2009-2010, en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o nomeamento como funcionario en prácticas terá efectos económicos e administrativos do día inmediatamente posterior ao do seu cesamento.

Cuarto.-O réxime retributivo dos funcionarios en prácticas será o establecido no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, modificado polo Real decreto 213/2004, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo).

Quinto.-Os funcionarios en prácticas que xa estean a prestar servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou interinos, contratados administrativos ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que de acordo coa normativa vixente lles corresponda, deberán formular opción pola percepción das remuneracións durante a súa condición de funcionarios en prácticas, de conformidade co disposto no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6

de marzo), modificado polo Real decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo).

De conformidade co establecido no punto 13.5º da orde de convocatoria, presúmese que o profesorado interino que percibe trienios e resulta nomeado funcionario en prácticas dun corpo do mesmo grupo en que prestaba servizos opta pola remuneración das retribucións correspondentes a funcionario interino, sen prexuízo da súa inclusión no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios públicos.

Sexto.-A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas e instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de agosto de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por Margarita Rodríguez López.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo tramítase o recurso 133/2010 (procedemento abreviado), de Margarita Rodríguez López, contra a desestimación do recurso de alzada interposto pola recorrente contra a Resolución do 19 de novembro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes definitivas de persoas aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias de atención primaria do Servizo Galego de Saúde na categoría de farmacéuticas e farmacéuticos de atención primaria, área sanitaria de Lugo, convocadas mediante Resolución do 16 de maio de 2008.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos